



BANDO

FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO

Vilagarcía de Arousa, 28 de maio de 2024

Como queira que por estas datas e para a conmemoración do día de San Xoán e San Pedro é costume facer fogueiras, esta Alcaldía

FAI SABER:

Toda persoa que teña a intención de facer unha fogueira deberá solicitar autorización, antes do próximo martes 18 de xuño, mediante solicitude na que deberá constar, como mínimo, a persoa responsable dela, identificada co nome, número do documento de identidade, dirección e teléfono. O escrito acompañarase dunha copia do DNI da persoa responsable. Unicamente se autorizará a realización dunha fogueira por solicitude e persoa solicitante, quedando anuladas a segunda ou sucesivas solicitudes nas que apareza o mesmo interesado.

Tamén os establecementos de hostalería que desexen instalar na vía pública un asador portátil ou similar deberán solicitar autorización, no mesmo prazo, mediante a presentación da correspondente solicitude específica.

Para poder realizar unha fogueira será obrigatorio observar os seguintes requisitos:


- A fogueira SÓ PODERÁ ACENDERSE ENTRE AS 20.00 HORAS E AS 05.00 HORAS.
- A fogueira terá un perímetro de seguridade de seis metros de radio por cada metro de altura de combustible, no cal non poderá haber edificacións, mobiliario urbano ou calquera tipo de material combustible.
- Con exceso de vento non se prenderá a fogueira.
- Evitarse a acumulación de combustibles nos arredores.
- Non se empregarán na fogueira materiais contaminantes (neumáticos, aerosois, etc.)
- Deberá disporse de material para a extinción do lume, tal como caldeiros de auga, area ou extintores, deixando a fogueira completamente apagada e asegurada (empapándola con auga) antes de marcharse.
- Porase especial coñado de non situallas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables e que a fogueira estea lonxe de zonas de vexetación susceptible de ser queimada.

No caso de que se teña intención de realizar a fogueira en calquera espazo público, ademais de cumplir os requisitos xa mencionados, deberá protexerse o pavimento con placas de ferro, area ou material similar que evite danalo, debendo deixar a zona limpa unha vez rematada a fogueira.

As cacharelas que, de ser o caso, se autoricen na praia realizaranse respectando os seis metros de servidume de paso dende a liña de preamar ou marea alta, e seis metros dende o bordo do pavimento do paseo. Con motivo das obras de rexeneración que se están a realizar nas praias da Concha e da Compostela, este ano non se autorizará fogueira algúnhha en ningunha destas dúas praias.

Aquelhas fogueiras que non fosen autorizadas, ou para as que non se presentase solicitude en prazo, non poderán levarse a cabo, quedando encargados os servizos municipais de impedir o seu desenvolvemento.

O día 21 de xuño, a partir das 14.30 horas, publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios municipais (Casa Consistorial e sede electrónica) as autorizacións concedidas en relación coas fogueiras de San Xoán e San Pedro.



Asdó.: Alberto Varela Paz
Alcalde Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa.